

COMPOSICIÓN DE TEXTOS HISTÓRICOS

Os seguintes textos débennos permitir facer unha redacción na que expliques os inicios da revolución industrial en Inglaterra: revolucións previas (demografía e agricultura), factores que a propician, e consecuencias para a revolución industrial.

Texto 1. Ph. Deane. A primeira revolución industrial, 1986

“Parece razoable supoñer que, sen o aumento da produción a partir de 1740, o aumento correspondente da poboación teríase frenado polo aumento do índice de mortalidade, provocado pola baixada dos niveis de vida. Parece igualmente probable que, sen o crecemento da poboación (...), a Revolución Industrial teríase retrasado por falta de man de obra (...). Parece, asimesmo, que o aumento das posibilidades de emprego provocado pola Revolución Industrial impulsou á xente a casarse e a formar familias a unha idade máis temperá que no pasado e que incrementou as expectativas medias de vida.”

Texto 2. M. Beaud. Historia do capitalismo: De 1500 aos nosos días, 2013

“O movemento dos cercados reempréndese con vigor no século XVIII, especialmente a partir de 1760. (...) Os *squatters* que vivían nas súas terras comunais son expulsados; campesiños pobres que posuían ínfimas parcelas non poden soportar os gastos do cercado e non poden vivir nas malas terras recibidas; vanse, como moitos outros a quen a extensión da gandería fixo inútiles; como outros, tamén obrigados a vender a súa granxa ao propietario veciño. (...). Gracias a estas transformacións na propiedade e explotación agrícola, queda dispoñible unha numerosa man de obra, privada a miúdo do esencial. Con ela poderá acrecentarse a produción manufacturera e mineira.”

Texto 3. E. Hobsbawm. Industria e Imperio, 2000

“A Revolución industrial inglesa foi precedida, polo menos, por douscentos anos de constante desenvolvemento económico (...). As principais condicións previas para a industrialización xa estaban presentes na Inglaterra do século XVIII ou ben podían lograrse con facilidade (...). Cara 1750 é dubidoso que se puidera falar con propiedade dun campesiño propietario da terra en extensas zonas de Inglaterra, e é certo que xa non se podía falar de agricultura de subsistencia (...). O país acumulara e estaba acumulando un excedente o bastante amplo como para permitir a necesaria inversión nun equipo non moi custoso, antes dos ferrocarrís, para a transformación económica. Boa parte deste excedente concentrábase en mans de quen desexaba investir no progreso económico (...).”

Isto non quere dicir que non xurdiran obstáculos no camiño da industrialización británica, senón só que foron fáciles de superar a causa de que xa existían as condicións sociais e económicas fundamentais, (...) porque o país era o suficientemente rico e floreciente para que non lle afectaran ineficiencias que podían dar ao traste con economías menos dispostas.”